
O CESGA presente no Foro de Sistemas de Videoconferencia Avanzada

- Actualizado (14.02.2006)

A rede de salas Access Grid TORGA.net estará presente no Foro temático de Sistemas de Videoconferencia Avanzada, que a rede académica e de investigación estatal RedIRIS organizará en Vigo os vindeiros 23 e 24 de febreiro, en colaboración coa Universidade de Vigo.

María José Rodríguez Malmierca, coordinadora da área de E-learning, realizará un relatorio sobre "ferramentas colaborativas síncronas", mostrando a perspectiva da súa utilidade para grupos distribuídos de investigadores e para experiencias de formación e-learning: as súas funcionalidades principais, aplicacións e características fronte ás ferramentas asíncronas.

A técnico de comunicacións, Natalia Costas Lago, xunto con Vicente Goyanes, coordinador da área multimedia da Universidade de Vigo realizarán un relatorio sobre a tecnoloxía AccessGrid e a experiencia de uso en diversos contornos docentes e de investigación. Para tal fin, e como aspecto novidoso, farase uso da sala Access Grid móbil, deseñada por técnicos do CESGA.

Para máis información acceda a este link.